

Completa o texto de Platón

Completa o texto reenchendo cada recadro coa palabra axeitada, **que debes elixir entre as palabras propostas na lista que se che ofrece**. Coidado coa ortografía, xa que a falta de acentos ortográficos, por exemplo, ou a súa colocación equivocada, ou a confusión de letras maiúsculas e minúsculas, devolverá un erro. As palabras propostas podrían ter que estar dúas veces no texto.

Se o teu teclado non posúe a letra "ñ" obterás tamén un resultado erróneo, o que podes evitar copiando e pegando a palabra en cuestión no recadro correspondente; noutro caso, mira as respostas correctas e, (só se a ausencia do "ñ" é a causa do erro), considera válida a túa resposta.

Exercicio

Lista de palabras (16)

“agradábel, inmortal, aprendido, verdadeiro, pasivos, alma, investigar, aprendizaxe, virtude, activos, visto, lembrar, reminiscencia, argumento, todas, natureza”

E ocorre así, que sendo a alma _____, e tendo nado moitas veces e tendo _____ tanto o de aquí como o do Hades e _____ as cousas, non hai nada que non teña _____; co que non é de estrañar que tamén sobre a _____ e sobre as demais cousas sexa capaz ela de _____ o que desde logo xa antes sabía. Pois sendo, en efecto, a _____ enteira homoxénea, e tendo aprendido todo a _____, nada impide que quen lembra unha soa cousa (e a iso chaman os homes _____), descubra el mesmo todas as demais, se é home valoroso e non se cansa de _____. Porque o investigar e o aprender, polo tanto, non son en absoluto outra cousa que _____. De ningún modo, polo tanto, hai que aceptar o _____ polémico ese; porque mentres ese faríanos _____ e é para os homes brandos para quen é _____ de escoitar, estoutro en cambio fainos _____ e amantes da investigación; e é porque confío en que é _____ polo que desexo investigar contigo que é a virtude.

Solución

E ocorre así, que sendo a alma **[inmortal]**, e tendo nado moitas veces e tendo **[visto]** tanto o de aquí como o do Hades e **[todas]** as cousas, non hai nada que non teña **[aprendido]**; co que non é de estrañar que tamén sobre a **[virtude]** e sobre as demais cousas sexa capaz ela de **[lembrar]** o que desde logo xa antes sabía. Pois sendo, en efecto, a **[natureza]** enteira homoxénea, e tendo aprendido todo a **[alma]**, nada impide que quen lembra unha soa cousa (e a iso chaman os homes **[aprendizaxe]**), descubra el mesmo todas as demais, se é home valoroso e non se cansa de **[investigar]**. Porque o investigar e o aprender, polo tanto, non son en absoluto outra cousa que **[reminiscencia]**. De ningún modo, polo tanto, hai que aceptar o **[argumento]** polémico ese; porque mentres ese faríanos **[pasivos]** e é para os homes brandos para quen é **[agradábel]** de escoitar, estoutro en cambio fainos **[activos]** e amantes da investigación; e é porque confío en que é **[verdadeiro]** polo que desexo investigar contigo que é a virtude.